CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, A CONSELLERÍA DE SANIDADE A TRAVÉS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA INTEGRADO PARA O FOMENTO DA EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL GRAVE COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril), no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Luis Ángel León Mateos, xerente do Servizo Galego de Saúde (en diante SERGAS), actuando en nome e representación do Organismo Autónomo, en virtude das facultades que conferidas polo Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e o Decreto 57/2026, do 1 de xuño, polo que se nomea xerente do Servizo Galego de Saúde a Luis Ángel León Mateos.

E doutra parte, a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (en adiante, Saúde Mental FEAFES Galicia), con NIF G15545353 e no seu nome e representación José Jaime Figueroa Cerdeira, en calidade de presidente da mesma e con poderes suficientes para este acto de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigos 24 e 25 dos seus estatutos, como recolle a certificación do acordo adoptado pola Asamblea Xeral da asociación de data do 16 de xuño de 2026.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 29.1, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución Española,

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JF1 https://sede.xunta.gal/cve

a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

Polo Real decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, transferíronse da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de formación profesional ocupacional. As ditas funcións e servizos foron asumidas polo Decreto 69/1993, do 10 de marzo, que llas asignou á consellería competente en materia de emprego; actualmente a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Segundo. O artigo 29.1 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 101, do 27.05.2024), atribúe á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego a dirección, coordinación, programación e xestión, das actuacións en materia de formación profesional para o emprego en toda a súa extensión, incluídos os graos A, B e C da Lei orgánica 3/2022, do 1 de marzo, sen prexuízo das competencias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e en coordinación con ela, de cualificación profesional, intermediación e orientación laboral e promoción da empregabilidade.

Singularmente ten asignadas as funcións de dirección, programación e xestión en materia de formación para o emprego, formación no traballo, cualificación e recualificación profesional ao longo da vida laboral (artigo 29.1 b) e a coordinación da participación das entidades colaboradoras, con e sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada (artigo 29.1 f).

Así mesmo, correspóndelle a programación, o seguimento, o control e, de ser o caso, a xestión dos programas integrais de capacitación para a mellora da inserción laboral (artigo 29.1 g).

Terceiro. A Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade consagra, no seu artigo 20, a plena integración das actuacións relativas á saúde mental no Sistema Nacional de Saúde e a total equiparación do enfermo mental ás demais persoas que precisen servizos sanitarios e sociais. En concreto, dispón que se desenvolverán os servizos de rehabilitación e reinserción social necesarios para unha adecuada atención integral dos problemas das persoas con (ou en risco) de trastorno mental grave, buscando a necesaria coordinación cos servizos sociais e de emprego.

O trastorno mental grave (en diante, TMG) designa unha serie de trastornos que comparten tres características definitorias: un diagnóstico concreto (fundamentalmente esquizofrenia e outros trastornos psicóticos, trastorno bipolar, trastorno depresivo maior recorrente, trastorno obsesivo-compulsivo), unha duración determinada (habitualmente maior de 2 anos, aínda que na práctica clínica poden considerarse casos en estadios iniciais dos trastornos co fin de evitar a súa cronificación) e unha discapacidade funcional moderada ou grave que afecta de xeito significativo a dous ou máis áreas do funcionamento autónomo da persoa (laboral, social, autocoidado, relacións interpersoais ou vida en comunidade). Doutra banda, un importante número de pacientes que cumpren os criterios diagnósticos acabarán

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

cumprindo os outros dous criterios (temporal e de discapacidade) co paso do tempo, polo que resulta fundamental o seu tratamento e rehabilitación, e máis tendo en conta que en moitas ocasións dan comezo durante a adolescencia e a adultez temperá, períodos claves para o desempeño laboral futuro dos individuos. Por iso, resulta clave facer intervencións de todo tipo, incluíndo as laborais, neste grupo de pacientes, dado que co paso do tempo, as propias condicións destas enfermidades fan máis difícil a inserción laboral. Por tanto, o intervir nestes períodos, non só vai reducir o número de pacientes que acaba sendo un TMG, senón que imos influír no futuro social e laboral dos mesmos, desde unha perspectiva máis favorecedora para obter resultados, non só de xeito transversal senón tamén lonxitudinal (ao longo de toda a enfermidade e influíndo no seu prognóstico).

As persoas con TMG constitúen un colectivo especialmente vulnerable cuxa atención integrada e centrada no modelo de recuperación, require a mobilización de recursos sanitarios, sociais e de emprego de xeito coordinado e continuado.

A Estratexia de Saúde Mental 2022-2026 do Sistema Nacional de Saúde, aprobada polo Consello Interterritorial de Saúde o 2 de decembro de 2021, establece, na súa Liña estratéxica 4, a atención ás persoas con problemas de saúde mental baseada no modelo de recuperación no ámbito comunitario. O devandito modelo recoñece que a recuperación non equivale á curación clínica, senón a un proceso privado e único mediante o cal o individuo constrúe unha vida significativa e satisfactoria, con ou sen síntomas, desenvolvendo o seu sentido de identidade, esperanza, autonomía e participación social. En consonancia, dentro do obxectivo xeral 4.1 da dita Estratexia cuxo título é contribuír a recuperar, manter e mellorar a autonomía e a calidade da vida das persoas con problemas e saúde mental, recóllese o obxectivo específico 4.2.3 que insta a desenvolver programas e recursos que faciliten a inserción social e laboral, a vida independente e o exercicio dos dereitos da persoa.

O Eixo III, dedicado á Continuidade Asistencial e Coordinación Sociosanitaria e Interdepartamental, recoñece expresamente que garantir a continuidade asistencial das persoas con trastornos mentais graves e complexos esixe a intervención simultánea ou sucesiva de diversos sistemas de protección social —sanitario, social, educativo e de emprego— para dar respostas integradas, continuadas e de calidade. Como instrumento para materializar este obxectivo, a citada Estratexia contempla a operación "Promoción da Integración no mercado laboral de persoas con Trastorno Mental Grave" como acción estratéxica de referencia en materia de inclusión sociolaboral de persoas con TMG.

Con esta actuación proponse un Modelo de Atención Integral que busca itinerarios personalizados de vida autónoma e inclusiva, articulados ao redor da inserción laboral no mercado ordinario e protexido, o que facilitará en gran medida unha maior inclusión social na comunidade. Concíbese o emprego non como un fin en si mesmo, senón como unha terapia de rehabilitación que dota de sentido, estrutura temporal, identidade social e rede de apoio á persoa.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

Cuarto. A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinaron o 9 do xuño de 2026 un acordo de colaboración para a promoción da integración no mercado laboral de persoas con trastorno mental grave.

O obxecto deste acordo é establecer as pautas de colaboración entre ambas consellerías para coordinar a actuación de promoción da integración laboral das persoas con trastorno mental grave.

Quinto. Saúde Mental FEAFES Galicia, Federación de asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2004/00108-2, e ten por finalidade mellorar a calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental, das súas familias e persoas achegadas, defender os dereitos do colectivo e representar ao movemento asociativo Saúde Mental FEAFES Galicia no territorio galego, brindando apoio e coordinación ás asociacións que o integran. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0906. Ademais, esta entidade está recoñecida como Centro Colaborador do Servizo Público de Emprego dende o ano 2002. Dende 2013 conta coa certificación oficial de Axencia de Colocación (AC_1200000022) e, dende 2014, Saúde Mental FEAFES Galicia dispón da correspondente autorización administrativa para a prestación de servizos como Centro Sanitario (C_15_003300).

Saúde Mental FEAFES Galicia, ten como obxectivos, entre outros:

a) Representar ao colectivo de persoas con problemas de saúde mental e ás súas familias ante a sociedade , e ante calquera instancia pública ou privada.

b) Esixir unha axeitada atención sanitaria, social e laboral das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.

c) Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutorios á familia.

d) Estimular a investigación sobre a saúde mental, as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

e) Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.

Sexto. Os artigos 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei de subvencións de Galicia) e 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia (no sucesivo, Regulamento da Lei de subvencións de Galicia), prevén a concesión directa de subvencións sen necesidade de promover concorrencia pública cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

De conformidade co artigo 26.1 da Lei de subvencións de Galicia e o artigo e 40.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, as subvencións de concesión directa poderán canalizarse a través dun convenio.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

A Consellería de Sanidade licitou o Contrato para a provisión de prazas en centros de rehabilitación psicosocial e laboral para persoas con trastorno mental severo mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada (Expediente nº AB-SER4-25-023), cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Os centros de rehabilitación psicosocial e laboral (en diante CRPL), son centros públicos e privados que prestan unha atención diúrna, globalizadora e multidisciplinar, dirixida ás persoas con enfermidade mental crónica e ás súas familias, coa finalidade da rehabilitación e integración social e laboral das persoas usuarias. En Galicia actualmente existen 33 Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral (CRPL) repartidos por todo o territorio da comunidade autónoma, dos cales 26 están integrados en Saúde Mental FEAFES Galicia.

As entidades que xestionan os CRPL teñen un coñecemento exhaustivo sobre o colectivo de persoas con (ou en risco de) padecer enfermidade mental grave. Por isto, contactouse con todas as entidades galegas que contan con CRPL para implementar esta medida.

Saúde Mental FEAFES Galicia é a única entidade que agrupa á maioría das asociacións de familiares e persoas con discapacidade por enfermidade mental de Galicia (nomeadamente 13 entidades, a Federación e 12 asociacións federadas) o que lle confire unha posición privilexiada para detectar as necesidades reais de capacitación para as persoas con (ou en risco) de trastorno Mental Grave así como levar a cabo o acompañamento e orientación laboral das persoas participantes.

Ademais, a orientación, formación e intermediación laboral coas empresas atópanse entre os seus obxectivos estatutarios polo que resulta idóneo para a programación e para a elección dos expertos e profesionais que vaian a impartilos.

Para iso Saúde Mental FEAFES Galicia deberá integrar a súa actuación coa Rede de Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde, de xeito que garanta a coherencia entre o plan de inserción laboral e o plan terapéutico individual de cada participante.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito instrumento, polo seu contido, fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante Lei de contratos do sector público).

Sétimo. Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea, nunha porcentaxe do 60%, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro do Obxectivo Político 4 "Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do piar europeo de dereitos sociais", Prioridade 2 "Inclusión social e loita contra a pobreza", Obxectivo Específico ESO4.11 "Mellorar a igualdade e a oportunidade do acceso a uns servizos de calidade, sostibles e alcanzables, incluídos os servizos que propicien o acceso á vivenda e uns coidados centrados nas persoas, especialmente a sanidade; modernizar os sistemas de protección social, especialmente o fomento do acceso á protección

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JF1 https://sede.xunta.gal/cve

social, cunha atención particular aos nenos e colectivos desfavorecidos; mellorar a accesibilidade, tamén para persoas con discapacidade, a efectividade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria e de dependencia" e Medida 2.K.03 "Novo modelo de atención sociosanitaria comunitaria dirixido a persoas con Trastorno Mental Severo".

En consecuencia, é de aplicación e dáse debido cumprimento ao disposto no Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e a Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e ou Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados; no Regulamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) núm. 1296/2013, e na Orde TES/106/2024, de 8 de febreiro, pola que se determinan gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

Ademais, neste convenio incorpórase o uso de opcións de custos simplificados conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021.

Oitavo. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio acreditarase segundo as cláusulas establecidas no convenio.

Por todo isto, formalizan o presente convenio con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a concesión dunha subvención por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración á entidade Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (en diante Saúde Mental FEAFES Galicia) para o desenvolvemento de servizos de prospección laboral e deseño e impartición de accións formativas adaptadas aos postos de traballo previamente identificados adaptados ás necesidades das persoas con (ou en risco de) trastorno Mental Grave (en adiante TMG).

Establécese como obxectivo de execución a atención dun mínimo de 96 persoas por parte da entidade subvencionada no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio.

Estes proxectos deberán combinar as seguintes accións:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JF1 https://sede.xunta.gal/cve

1. Prospección laboral adaptada ao itinerario de inserción da persoa participante

2. Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego que participen no programa.

3. Compromiso concreto cunha empresa interesada na contratación laboral da persoa participante onde se establezan as necesidades concretas de formación que precisaría a persoa para a incorporación á citada empresa.

4. Formación para o emprego segundo o compromiso asinado pola empresa.

5. Formación en competencias brandas segundo o compromiso asinado pola empresa.

6. Acompañamento para facilitar a adaptación ao posto de traballo.

Esta actuación complementarase cun programa de incentivos á contratación das persoas participantes en empresas.

Segunda. Financiamento e contía da subvención

1. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de oitocentos cincuenta e seis mil trescentos oitenta e tres euros con trinta e seis céntimos de euro (856.383,36€) con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.323A.481.0 (código de proxecto 2026 00160) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto deste convenio distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade	Orzamento
2026	214.095,84 €
2027	642.287,52 €

Esta subvención está cofinanciada pola Unión Europea, nunha porcentaxe do 60%, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro do Obxectivo Político 4.“Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do piar europeo de dereitos sociais“, Prioridade 2 “Inclusión social e loita contra a pobreza“, Obxectivo Específico ESO4.11 “Mellorar a igualdade e a oportunidade do acceso a uns servizos de calidade, sostibles e alcanzables, incluídos os servizos que propicien o acceso á vivenda e uns coidados centrados nas persoas, especialmente a sanidade; modernizar os sistemas de protección social, especialmente o fomento do acceso á protección social, cunha atención particular aos nenos e colectivos desfavorecidos; mellorar a accesibilidade, tamén para persoas con discapacidade, a efectividade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria e de dependencia“ e Medida 2.K.03 “Novo modelo de atención sociosanitaria comunitaria dirixido a persoas con Trastorno Mental Severo“.

Esta cantidade total poderá incrementarse como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, previo informe favorable da modificación orzamentaria que corresponda por parte do Organismo Intermedio do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (actualmente, a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos). A modificación do crédito dispoñible realizarase mediante a sinatura dunha addenda.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

2. Para o cálculo do importe da subvención e a súa xustificación empregarase un método de custos simplificados, conforme ao disposto nos artigos 53.1.b) e d), 53.3 a) i) e 56.1 do Regulamento (UE) 2021/1060, consistente nun módulo de custo unitario mensual.

En particular, para a determinación do custo unitario tómanse como referencia os datos salariais establecidos na Resolución de 16 de febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o III Convenio Colectivo Estatal de Acción e Intervención Social 2026-2029 (publicada no Boletín Oficial del Estado núm. 52, do 27 de febreiro de 2026) para o grupo profesional 1, resultando un custo unitario mensual de 3.185,95€ por cada un dos profesionais equiparables ao devandito grupo 1.

Sobre o devandito custo unitario engádese un tipo fixo do 40% en concepto de outros custos directos e custos indirectos necesarios para o desenvolvemento do programa, resultando un módulo de custo unitario mensual de 4.460,33€.

No caso de que algunha das persoas traballadoras que presten servizo nesta operación teñan bonificada a cota correspondente á Seguridade Social, descontarase do custo unitario mensual establecido a parte proporcional correspondente as bonificacións ou reducións que puideran estar asociadas ao pagamento das cotizacións sociais.

Terceira. Definición das persoas participantes

As persoas participantes nas actuacións obxecto deste convenio deberán ter a consideración de persoas con trastorno mental grave (TMG) ou atoparse en situación de risco de desenvolvelo, circunstancia que deberá estar debidamente acreditada mediante os informes ou documentación técnica que resulten procedentes conforme á normativa e aos procedementos aplicables.

1. Considérase Trastorno Mental Grave (TMG) á persoa que cumpra simultaneamente os tres criterios seguintes:

a) Criterio diagnóstico: presenza dun diagnóstico psiquiátrico maior encadrado nas seguintes categorías da Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-11, OMS) ou do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais (DSM-5-TR, APA): trastornos do espectro da esquizofrenia e outros trastornos psicóticos primarios (6A20-6A25 CIE-11), trastorno esquizoafectivo (6A21 CIE-11), trastorno bipolar de tipo I e tipo II (6A60-6A61 CIE-11), trastorno depresivo maior recorrente con características psicóticas (6A71 CIE-11), trastorno delirante persistente (6A24 CIE-11), e trastornos da personalidade de grao moderado ou grave (6D10-6D11 CIE-11). O diagnóstico deberá estar acreditado por un facultativo especialista en psiquiatría pertencente á Rede de Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde.

b) Criterio de duración: a enfermidade mental, con independencia de posibles remisións parciais, deberá presentar unha evolución documentada non inferior a dous anos, contados desde o primeiro contacto cos servizos de saúde mental por motivo do trastorno.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

c) Criterio de discapacidade funcional: existencia de deterioración moderada ou grave en, polo menos, dúas das seguintes áreas do funcionamento autónomo, avaliado mediante instrumentos validados como a Escala de Funcionamento Global (GAF), a Avaliación Global do Funcionamento (HONOS) ou o Cuestionario de Discapacidade da OMS (WHODAS 2.0), aplicados polo equipo terapéutico de referencia: coidado persoal e hixiene, autonomía na vida diaria, relacións interpersoais e sociais, actividade laboral ou produtiva, manexo da economía privado, e participación en actividades comunitarias.

2. Persoas en risco de TMG : pacientes que cumpren o criterio diagnóstico necesario para TMG pero que non reúnen aínda con algún dos outros dous criterios (criterio de duración e de discapacidade funcional).

3. Para poder participar neste programa, as persoas destinatarias ademais de ter (ou estar en risco de ter) TMG de acordo con establecido nesta cláusula, deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Atoparse en proceso de tratamento ou recuperación activo, con plan terapéutico vixente na Rede de Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde.

b) Estar a ser atendidas nalgún dos dispositivos da Rede de Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde.

c) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 65 anos no momento do inicio do itinerario individualizado de inserción.

d) Residir legalmente na Comunidade Autónoma de Galicia , ou ter domicilio habitual acreditado na mesma durante os seis meses anteriores á solicitude de incorporación ao programa.

e) Non atoparse en situación de incapacidade laboral permanente total, absoluta ou gran invalidez recoñecida polo Instituto Nacional da Seguridade Social, salvo que o equipo terapéutico de referencia acredite documentalmente que a persoa se atopa en condicións de iniciar e soster un itinerario de inserción adaptado ás súas capacidades.

f) Contar coa orientación e o informe favorable do equipo terapéutico da Rede de Saúde Mental que acredite a súa disposición e capacidade para participar en accións de rehabilitación psicosocial orientadas ao emprego.

Cuarta. Actuacións e período subvencionable

No marco deste convenio de colaboración levaranse a cabo prestacións de servizos de prospección laboral, captación de empresas co obxectivo de cumprir co compromiso de fomentar a contratación laboral que se recolle na cláusula sexta, impartición de accións formativas adaptadas ás necesidades da persoa participante e o acompañamento destas no proceso.

A entidade Saúde Mental FEAFES Galicia comprométese a contar con servizos de asesoramento nas catro provincias galegas. Estes servizos prestarán apoio en todas as áreas de influencia dos núcleos anteriormente citados.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

1. Prestación de servizos de prospección laboral adaptada ao itinerario de inserción da persoa participante

A prospección laboral constitúe unha actuación clave orientada á identificación, análise e captación de oportunidades de inserción laboral para as persoas participantes segundo o seu itinerario personalizado de emprego. O seu desenvolvemento realizarase de forma sistemática e planificada, mediante a detección de sectores económicos e empresas con potencial de contratación, así como da análise das súas necesidades reais de persoal e competencias requiridas.

O proceso de prospección inclúe o contacto directo co tecido empresarial, a realización de visitas e entrevistas con empresas, asociacións empresariais e outros axentes intermedios, así como a actualización permanente da información sobre ofertas de emprego, perfís profesionais demandados e tendencias do mercado laboral.

Así mesmo, no ámbito formativo establécese unha relación de colaboración continuada coas empresas co obxectivo de facilitar a adecuación entre a formación das persoas participantes e as demandas do mercado de traballo, promovendo prácticas non laborais, experiencias formativas en contornos reais de traballo e posibles itinerarios de inserción laboral.

A información obtida a través da prospección laboral servirá de base para a planificación das accións formativas e de orientación, garantindo a súa adecuación ás oportunidades reais de emprego e contribuíndo á mellora da empregabilidade das persoas usuarias.

2. Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego que participen no programa.

Saúde Mental FEAFES Galicia comprométese mediante os prospectores laborais a buscar empresas interesadas na inserción laboral das persoas participantes no programa. Este emparellamento deberá basearse nas condicións e competencias das persoas participantes e nas necesidades de captación de persoas por parte das empresas da contorna.

3. Compromiso concreto cunha empresa interesada na contratación laboral da persoa participante onde se establezan as necesidades concretas de formación que precisaría a persoa para a incorporación á citada empresa.

Deberá asinarse un compromiso concreto cunha empresa interesada na inserción laboral da persoa participante en concreto onde se estipulen as necesidades formativas tanto de formación para o emprego como de competencias brandas, co obxecto de desenvolver o plan formativo da persoa alumna totalmente vencellado á inserción laboral desta.

Neste senso, impulsaranse acordos e compromisos de colaboración con empresas que manifesten a súa disposición a contratar participantes do programa, co obxectivo de facilitar a súa incorporación ao mercado de traballo e mellorar os resultados de inserción laboral. Estes acordos poderán concretarse mediante convenios,

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

compromisos de contratación ou outras fórmulas de colaboración que favorezan a empregabilidade das persoas participantes.

Estas actuacións deberán contribuír á mellora da empregabilidade das persoas participantes, polo que se establece unha inserción laboral mínima de 28 das persoas atendidas.

Con carácter xeral, consideraranse persoas atendidas aquelas en que se acredite a súa participación como mínimo en catro das actuacións subvencionables recollidas nesta cláusula cuarta.

Considerarase que unha persoa atendida acadou a inserción laboral cando sexa contratada por conta allea ou propia e acumule, mediante un ou varios contratos formalizados nese período, unha duración mínima de tres meses.

O incumprimento deste compromiso dará lugar ás consecuencias previstas na cláusula décimo sétima do presente convenio.

4. Formación para o emprego segundo o compromiso asinado pola empresa.

A formación deberá adaptarse ás necesidades concretas detectadas na prospección laboral realizada e deberá ter como finalidade principal facilitar a inserción laboral das persoas participantes, mediante a adquisición de competencias e habilidades axeitadas ás demandas do mercado de traballo.

As persoas con ou en risco de padecer TMG teñen características educativas moi diversas polo que, a priori, non se pode configurar un catálogo de formacións que poidan ser susceptibles de impartirse.

Todas as persoas participantes deberán cursar unha formación cun mínimo de **40 horas** de duración e esta poderá estar enmarcada dentro da formación profesional para o emprego, ser formación non formal ou calquera outra que poida contribuír a incrementar a súa empregabilidade e á adaptación ao seu futuro posto de traballo.

5. Formación en competencias brandas segundo o compromiso asinado pola empresa.

A formación en competencias brandas deberá tamén estar suxeito ao acordo asinado coa empresa e desenvolverá aqueles aspectos fundamentais para adaptarse ao posto de traballo dispoñible. Neste senso a duración mínima da formación impartida deberá ser de **5 horas** e poderá impartirse de xeito grupal.

6. Acompañamento para facilitar a adaptación ao posto de traballo.

Saúde Mental FEAFES Galicia comprométese a prestar acompañamento ás persoas participantes durante a adaptación ao posto de traballo vencellado ao itinerario deste proxecto. Este acompañamento deberá prestarse no horario laboral da persoa alumna como mínimo durante as primeiras dúas semanas de prestación de servizos laborais por parte do participante.

Deste xeito, Saúde Mental FEAFES Galicia deberá acreditar, para cada persoa participante, unha dedicación mínima de **20 horas** de intervención individualizada a maiores das horas de formación**,** distribuídas ao longo das distintas fases do proceso de inserción laboral, que incluirán os servizos relacionados anteriormente. Sen

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

prexuízo do anterior, poderanse desenvolver actuacións complementarias de carácter grupal cando, pola súa natureza e obxectivos, resulten axeitadas para reforzar o proceso de inserción das persoas participantes, sempre que estas non computen para o cumprimento da dedicación mínima individualizada exixida e que se garanta a adecuada adaptación das actuacións ás necesidades específicas de cada persoa.

A duración e intensidade das actuacións previstas serán variables, respectando sempre a duración mínima, e adaptaranse ás características e necesidades de cada persoa participante, tendo en conta, entre outros aspectos, a súa situación persoal e sociolaboral, o nivel de autonomía, as competencias e habilidades profesionais, a experiencia previa, os obxectivos de inserción e os apoios que precise ao longo do proceso.

O período máximo subvencionable abranguerá doce meses dende a data de sinatura do convenio.

Quinta. Gastos subvencionables

1. Para os efectos deste convenio, considerararanse como gastos subvencionables das actuacións singularizadas establecidas na cláusula cuarta anterior os seguintes:

a) Custos directos de persoal: Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes ao persoal prospector laboral asignado á execución das actuacións, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social. No caso de persoal propio da entidade, conforme o disposto na Orde TES/106/2024 pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE+ para o período de programación 2021-2027, será preciso acreditar, mediante unha declaración responsable, que as persoas traballadoras que prestan servizo nestas actuacións non teñen bonificada a cota correspondente á Seguridade Social. No caso de ter bonificada a devandita cota, para o cálculo do importe elixible descontarase do custo unitario mensual a parte proporcional correspondente ás bonificacións ou reducións que puidesen estar asociadas ao pagamento das cotizacións sociais.

b) Outros custos directos: axudas de custo e gastos de viaxe do persoal adscrito e das persoas participantes, seguros de accidentes e de responsabilidade civil, publicidade e difusión dos programas e contratación da formación a unha entidade externa.

c) Custos indirectos: gastos en bens consumibles, material funxible, alugueiro de instalacións e gastos de funcionamento (tales como: luz, auga, calefacción, telefonía, conexión telemática, mensaxería, correo, limpeza e vixilancia).

2. En todo caso, deberá respectarse o disposto na Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

Sexta. Xestión da execución dos programas

1. As actuacións subvencionables inclúen as recollidas na cláusula cuarta deste convenio e deberán desenvolverse nos doce meses seguintes dende a data da sinatura do convenio, sen prexuízo de que a duración da contratación poida extenderse máis aló do período da execución do programa para dar cumprimento ao establecido no apartado terceiro da antedita cláusula.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

A acreditación da realización do programa, tanto da parte de prospección laboral como de formación, efectuarase mediante o control horario dos prospectores laborais e das persoas participantes. Para tal fin, empregarase o aplicativo COBIPE, a través do cal se rexistrarán e verificarán as horas de participación correspondentes. COBIPE é unha aplicación informática destinada á xestión e rexistro da participación das persoas usuarias. O seu obxecto principal é a recollida, tratamento e custodia da información relativa á asistencia das persoas participantes aos cursos, permitindo o seguimento, control e acreditación da súa presenza nas distintas actividades desenvolvidas.

O control de asistencia realizarase mediante o uso dun sistema de identificación seguro e unívoco baseado en código QR e/ou DNI-e, que identifique as persoas participantes. Dito control deberá realizarse diariamente ao inicio e ao remate de cada xornada, de ser en horario de mañá ou de tarde, e catro veces ao día, de realizarse a actividade en xornada partida, ao inicio e ao fin da sesión de mañá e ao inicio e ao remate da sesión de tarde.

Soamente no caso de producirse fallos no sistema ou imposibilidades acreditadas de empregar os medios de control citados, utilizaranse partes diarios de asistencia, que deberán identificar as persoas participantes e expresar as horas realizadas en cada sesión por cada unha delas, e reflectir expresamente o número de horas de ausencia.

Para acreditar as funcións levadas a cabo polos prospectores laborais, ademais de contar cun rexistro exhaustivo das actividades desenvolvidas, deberán acadar compromisos da intención de contratar a persoas afectadas por trastorno mental grave asinados polas empresas da contorna. Estes compromisos deberán ser custodiados e presentados na xustificación final do convenio.

2. A entidade deberá adscribir ao programa un equipo integrado por un mínimo de 16 prospectores laborais contratados a xornada completa e con dedicación exclusiva ao programa (é dicir, do 100% da súa xornada laboral), pertencentes tanto á Federación como ás asociacións que a conforman, e adscritas aos distintos ámbitos de especialización que resulten necesarios para a adecuada execución das actuacións previstas e a consecución dos obxectivos do proxecto. Cada unha das entidades que forman parte de Saúde Mental FEAFES Galicia deberán contar cun prospector laboral a xornada completa vencellado a este proxecto. Os cinco prospectores restantes poderán ser asignados como determine FEAFES en función das necesidades do proxecto.

Os prospectores laborais serán os encargados de identificar oportunidades de emprego, establecer contactos con empresas e facilitar a inserción laboral das persoas participantes.

Os prospectores laborais deberán contar cunha titulación universitaria de grao ou superior, dentro na área das ciencias da saúde (dentro das cales se inclúen, entre outras, as titulacións de psicoloxía e terapia ocupacional) ou de ciencias sociais (traballo social, socioloxía, psicoloxía ou educación social, entre outras).

3 . Establécese a obriga de contratar un seguro de accidentes para o alumnado, para o caso das accións formativas que se van impartir na modalidade presencial que cubra

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar de impartición das clases teóricas, prácticas, visitas didácticas, titorías e probas presenciais.

A súa duración abranguerá o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que se poida admitir restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Non se admitirán pólizas con franquías.

O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

a) No caso de morte: 60.000 €.

b) No caso de invalidez permanente: 60.000 €.

c) Asistencia médico-farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

Así mesmo, será obrigatorio contratar unha póliza de responsabilidade civil dun mínimo de 300.000 euros para facer fronte aos riscos que poidan derivar para os bens e as persoas cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas co curso. Non se admitirán pólizas con franquías.

Sétima. Derivación das persoas participantes no programa

As persoas participantes no programa poderán proceder dos Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral (CRPL) ou ser derivadas desde calquera dos dispositivos da Rede de Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde (Unidades de Saúde Mental, Hospitais de Día, Unidades de Hospitalización Psiquiátrica, Unidades de Rehabilitación Psiquiátrica Hospitalaria ou outros recursos asistenciais especializados), sempre que cumpran os requisitos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Saúde Mental FEAFES Galicia tamén poderá realizar a proposta de participación no programa mediante informe estandarizado remitido á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, quen será a que aprobe a efectiva participación da persoa usuaria.

A incorporación ao programa realizarase unha vez acadado un nivel suficiente de estabilidade clínica que permita a participación nun itinerario de rehabilitación e inserción sociolaboral.

A selección das persoas participantes efectuarase atendendo fundamentalmente ao seu nivel de funcionalidade, ás necesidades de apoio e ao seu potencial rehabilitador.

Serán destinatarias do programa aquelas persoas que, de acordo coa valoración funcional realizada polo equipo terapéutico de referencia e, no caso das persoas usuarias dos CRPL, en coordinación co equipo profesional do centro, presenten un perfil compatible cun itinerario de rehabilitación psicosocial e prelaboral ou de rehabilitación laboral e inserción sociolaboral.

A incorporación efectiva ao programa realizarase tras a valoración conxunta entre o equipo terapéutico de referencia e a entidade beneficiaria, garantindo a adecuación do itinerario individualizado aos obxectivos terapéuticos, de recuperación e de inserción laboral de cada persoa participante.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

As actuacións previstas na cláusula cuarta desenvolveranse, con carácter preferente, nos Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral (CRPL), sen prexuízo de que determinadas actuacións poidan executarse noutros recursos comunitarios ou contornos laborais cando iso resulte máis axeitado para favorecer a inclusión e a inserción sociolaboral.

Oitava. Incompatibilidade de axudas

Esta subvención será incompatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Novena. Subcontratación

1. Saúde Mental FEAFES Galicia é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata unha porcentaxe do 80% do importe total das actuacións financiadas a través do mesmo para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica.
A subcontratación realizarase coas entidades vinculadas á Federación, concretamente coas asociacións federadas, todas elas entidades sen ánimo de lucro. Esta autorización fundaméntase na necesidade de execución externa das actuacións previstas na cláusula cuarta. A subcontratación con entidades vinculadas non requirirá neste caso das autorizacións do punto terceiro e cuarto desta cláusula.
O persoal deberá ser contratado polas entidades beneficiarias a xornada completa e con dedicación exclusiva ao programa.
Saúde Mental FEAFES Galicia, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral De Formación e Cualificación para o Emprego. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No entanto, no relativo á impartición das accións formativas entidade beneficiaria poderá subcontratar ata o 100% de acordo co establecido no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e o artigo 43 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia

2. De acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou á entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

3. Cando a actividade concertada con terceiros sobrepase o 20 por cento do importe da subvención e este importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contrato se celebre por escrito.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

b) Que a celebración deste se autorice previamente pola entidade concedente da subvención.

4. En ningún caso se poderá concertar, total ou parcialmente, a prestación ou adquisición de servizos ou subministracións necesarios para a execución da actividade subvencionada cunha persoa ou entidade vinculada coa entidade beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se obteña a autorización previa da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Entenderanse por empresas vinculadas aquelas que se atopen nalgunha das situacións previstas no artigo 43 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

A carga da proba de que a contratación se realiza en condicións normais de mercado corresponderá á entidade beneficiaria. A Administración actuante determinará a suficiencia ou insuficiencia da xustificación presentada.

5. Imputaranse a este concepto os gastos de subcontratación exclusivamente derivados da actuación que se axusten ao establecido no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia. Non poderá realizarse a subcontratación con persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias consignadas no artigo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia.

6. Nos contratos que se subscriban para acordar a subcontratación, deberá acreditarse que se recollen as garantías precisas para o tratamento de datos de carácter persoal, debendo incluír as cláusulas necesarias para o seu cumprimento, consonte ao establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décima. Xustificación

1. A xustificación da subvención realizarase a través da modalidade de custos simplificados conforme ao disposto nos artigos 53.1.b) e d), 53.3 a) i), 55.2.a) e 56.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021.

2. A entidade Saúde Mental FEAFES Galicia presentará a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas dende o 1 de outubro de 2026 ata o 30 de novembro de 2026, con prazo máximo o 15 de decembro de 2026.

Segundo o artigo 29 da Lei de subvencións os gastos vinculados a este programa deben ser aboados con data límite o 14 de decembro de 2026.

A xustificación correspondente a 2027 comprenderá as accións realizadas desde o 1 de decembro de 2026 ata a data de finalización do período subvencionable e como máximo o 15 de decembro de 2027.

En todo caso, todos os gastos vinculados ás accións formativas deberán estar efectivamente aboados con anterioridade á presentación da xustificación correspondente.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

A documentación presentarase ante a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, asinada pola persoa representante da entidade.

3. A xustificación presentarase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Saúde Mental FEAFES Galicia deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:

a) Memoria xustificativa da actuación subvencionada, con descrición detallada das actividades realizadas, asinada pola persoa representante da entidade. Este documento deberá describir detalladamente as accións desenvolvidas, a súa execución temporal, os recursos empregados, as persoas participantes, os resultados acadados e as actuacións de prospección laboral, os contactos establecidos co tecido empresarial e os acordos ou compromisos de colaboración e contratación obtidos. A memoria deberá incorporar a documentación acreditativa necesaria que permita verificar a efectiva realización das actividades e o cumprimento dos obxectivos previstos.

b) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

1º Certificación ou declaración pola entidade beneficiaria da relación das persoas atendidas e inseridas que participaron en cada itinerario de inserción e acción formativa indicando o número de persoas participantes que cursaron e aprobaron a acción formativa, considerando como tales aquelas que obteñan o correspondente diploma ou certificado expedido polo provedor da formación.

2º Contía global da subvención xustificada, calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e conforme ao módulo de custo unitario establecidos.

c) Control horario dos prospectores laborais e das persoas participantes.

d) Declaración responsable de non exceder os límites na imputación de custos relativos á subcontratación da docencia a través dun servizo externo. Aplicarase para tal fin o disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano que corresponda, en relación coas porcentaxes máximas de gastos xerais de estrutura do contrato de obra.

e) Acordos, convenios ou compromisos de colaboración subscritos coas empresas participantes, incluíndo, de ser o caso, os compromisos da intención de contratar asumidos por estas. A acreditación poderá completarse mediante declaracións responsables das empresas ou documentación equivalente que permita verificar a súa participación e disposición para a contratación de persoas participantes no programa.

f) Diploma ou certificado do provedor da formación realizada de cada alumno/a onde deberá constar expresamente o número de horas da actividade formativa e a cualificación da persoa participante.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JF1 https://sede.xunta.gal/cve

g) Xustificación do cumprimento do compromiso de contratación establecido na cuarta. A devandita xustificación realizarase mediante a presentación dos correspondentes contratos laborais rexistrados no Servizo Público de Emprego ou vida laboral. Saúde Mental FEAFES Galicia deberá acreditar a situación de alta da persoa traballadora na Seguridad Social polo tempo estipulado no contrato, para o que deberán presentar a relación nominal de persoas traballadoras (RNT) das empresas ou o Informe de Datos de Cotización (IDC) das persoas participantes no tempo durante as cales permanezan contratadas.

h) Para o caso de que a impartición da formación se efectúe a través da contratación con outra entidade, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, memoria xustificativa da elección entre as tres ofertas presentadas cando a elección non recaia na proposición económica máis vantaxosa.

Ao abeiro do disposto no artigo 55 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e no artigo 79 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, Regulamento da Lei xeral de subvencións), os beneficiarios estarán dispensados da obrigación de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos realizados, sen prexuízo da obrigación do beneficiario de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 14.1. g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, Lei xeral de subvencións), así como de calquera outra obriga derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o esixa.

i) Documentación acreditativa da titulación de cada un/unha do/as profesionais que conforman o equipo.

j) Informe de datos de cotización (IDC) do persoal propio das entidades beneficiarias que conforma o equipo.

k) Informe, declaración responsable ou documento equivalente sobre se as persoas traballadoras da entidade que prestaron servizo no programa teñen bonificada a cota correspondente da Seguridade Social. En caso afirmativo, deberán indicar cal/es son esas persoas traballadoras e remitir o documento xustificativo que reflicta as devanditas bonificacións.

l) Certificado de asignación de funcións do persoal, onde conste a porcentaxe de dedicación á actuación subvencionada.

m) Calquera outra documentación xustificativa ou informes que, de acordo coa normativa nacional ou europea, resulten esixibles no marco do FSE+.

4. O persoal técnico da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego realizará a correspondente comprobación técnico-económica.

A comprobación técnica consistirá na verificación do cumprimento das horas efectivamente realizadas polas persoas que conformen o equipo de traballo e as

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

persoas alumnas que figuran en COBIPE. Este aplicativo é un sistema que rexistra as fichaxes realizadas polas persoas participantes e os formadores a través do DNI-e ou código QR. Tamén comprobaranse as tarefas das persoas encargadas do programa e os itinerarios realizados aos participantes.

No suposto de que a documentación presentada non cumpra cos requisitos sinalados neste convenio, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á entidade beneficiaria a súa emenda.

Se da dita comprobación resultase o incumprimento, total ou parcial, dos fins para os que foi concedida a subvención, das obrigas previstas no convenio ou dos requisitos establecidos para a xustificación, comunicarase tal circunstancia á entidade beneficiaria xunto aos resultados da comprobación técnica e económica e iniciarase, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

Décimo primeira. Pagamentos anticipados e liquidación

Logo da sinatura do convenio, poderán realizarse pagamentos anticipados por un importe de ata o 80% da subvención concedida. Os anticipos non poderán superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario e, polo tanto, o pagamento poderá ser dividido en dúas anualidades para respectar este límite, para o cal se adoptarán as correspondentes medidas de xestión orzamentaria que permitan a percepción do importe total do anticipo ou suma de anticipos a que se teña dereito.

De conformidade co establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao superar a achega económica derivada do presente convenio as porcentaxes máximas previstas no citado precepto, o Consello da Xunta de Galicia autorizou previamente a formalización do presente convenio.

Nos termos do artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os anticipos non poderán superar a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Os anticipos deberán ser solicitados pola entidade beneficiaria xunto coa seguinte documentación:

- Solicitude do pagamento anticipado.

- Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei de subvencións de Galicia, e nos artigos 10, 11, 12 e 13 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.1 e 67 do mesmo corpo legal, Saúde Mental FEAFES Galicia queda exonerada da constitución de garantías.

A porcentaxe restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación por parte da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas neste convenio.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JF1 https://sede.xunta.gal/cve

O aboamento do anticipo correspondente á anualidade de 2027 quedará condicionado á previa xustificación do anticipo correspondente á anualidade 2026, nos termos establecidos neste convenio e de conformidade coa normativa aplicable.

Décimo segunda. Obrigas de Saúde Mental FEAFES Galicia

1. Desenvolver as actuacións recollidas neste convenio e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista.

2. Empregar a aplicación COBIPE para o control horario de todo o persoal imputado ao proxecto así como das persoas participantes no mesmo.

3. Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que implican as actuacións derivadas da execución do convenio.

Saúde Mental FEAFES Galicia autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

4. Presentar, coa xustificación da realización das actividades obxecto deste convenio, unha declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11, 12 e 13 do Regulamento da citada lei.

5. Solicitar con anterioridade á subcontratación, a autorización da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego nos casos establecidos na cláusula novena. A administración non se obrigará a pago ningún no caso de non terse solicitado a autorización previa para contratación con entidades vinculadas ou que excedan os importes da citada cláusula salvo que se trate da excepción establecida na dita cláusula.

6. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei de subvencións de Galicia.

7. Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

8. Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o emprego a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos concorrentes que financien as actuacións, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a dita concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento en que se

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

presente a solicitude de pagamento coa xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. O incumprimento desta obriga considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a sinatura do convenio e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

9. Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito Regulamento, nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración "Cofinanciado pola Unión Europea". Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible.

10. Informar ás persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están cofinanciadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) e pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Os emblemas deberán figurar, como mínimo, en todo o material e nos documentos que se utilicen ou entreguen ás persoas participantes.

11. Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de realización e de resultados previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2021/1057.

Os indicadores de realización relativos a cada persoa participante refírense á data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación do/a dito/a participante coa actuación cofinanciada mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior á finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación. Así mesmo, a Administración poderá requirir en calquera momento novos datos relativos á data na que se cumpran os seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito Regulamento.

Para estes efectos, facilitarase á entidade beneficiaria o acceso á aplicación Participa2127 (https://participa2127.conselleriadefacenda.gal/Participa2127) e os oportunos cuestionarios, que terán que respectar o principio de integridade dos datos.

Para dar cumprimento a estes requisitos de información, a entidade beneficiaria deberán introducir na devandita aplicación os datos dos indicadores de realización e de resultados relativos ás persoas participantes.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

12. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

13. Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

14. Conservar todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciba axuda do FSE+ durante un período de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano no que a autoridade de xestión do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario do fondo nos termos establecidos no artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño do 2021.

15. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración; ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas; ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

16. Subministrar toda a información necesaria para que o órgano concedente poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei. Así como facilitar calquera outra información relacionada coa medición dos indicadores dos instrumentos de planificación que sexan de aplicación.

17. Garantir no desenvolvemento e na difusión das accións de formación a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes, e do uso dunha linguaxe non sexista, consonte ao establecido na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

18. Comprobar o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos da execución das accións formativas impartidas

19. Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego os casos de sospeita de fraude.

Décimo terceira. Publicidade

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

A sinatura do convenio poderá implicar a aparición de Saúde Mental FEAFES Galicia na lista de operacións que se publicará nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021.

Décimo cuarta. Loita contra o fraude

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación coas actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do presente convenio poderá poñer ditos feitos en coñecemento do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada ao efecto e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, de 3 de abril, do citado Servizo, no seguinte enderezo https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/CA-UACI/SNCA/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx.

En tanto non se habilite outra canle específica para o Programa FSE+ Galicia 2021-2027, os devanditos feitos poderán poñerse en coñecemento a través da seguinte ligazón: http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf

Décimo quinta. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo sexta. Resolución do convenio

Serán causas de resolución do Convenio, as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos no clausulado.
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo sétima. Perda do dereito ao cobramento e reintegro da subvención.

A axuda concedida ao abeiro deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JF1 https://sede.xunta.gal/cve

as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei de subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

  No caso da prestación de servizos de asesoramento, Saúde Mental FEAFES Galicia deberá presentar unha relación pormenorizada das accións levadas a cabo con cada persoa participante, con indicación do lugar, día e hora.
- O incumprimento de alcanzar o número mínimo de persoas atendidas da cláusula primeira dará lugar ás seguintes minoracións:
  - Unha perda do dereito dun 2% se a porcentaxe alcanza o 90% das persoas atendidas.
  - Unha perda do dereito dun 5% se a porcentaxe alcanza o 80%.
  - Unha perda do dereito dun 10% se as persoas atendidas non alcanzan o 80%.
- O incumprimento da inserción laboral mínima establecida na cláusula cuarta dará lugar ás seguintes minoracións:
  - Unha perda do dereito dun 20% se o número de persoas insertadas laboralmente é igual ou superior aos 20 e inferior aos 28 participantes.
  - Unha perda do dereito dun 30% se o número de persoas insertadas laboralmente é superior a 13 e inferior a 20 persoas.
  - Unha perda do dereito dun 50% se non se alcanza un mínimo de 14 persoas participantes insertadas laboralmente.
- Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente a inversión non efectuada ou non xustificada.

  En particular, o importe da subvención concedida minorarase proporcionalmente cando algunha das persoas traballadoras adscritas teña bonificada a cota correspondente da Seguridade Social e non se houbera tido en conta previamente para o cálculo da contía da subvención.

Ademais, pola súa condición de cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, establécense os seguintes supostos de reintegro:

- Reintegro do 10% do importe da subvención recibida, no caso de non comunicarlle ao órgano concedente a solicitude doutras axudas.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

- Reintegro do 100% do importe da subvención recibida, máis os xuros de demora e sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder, no caso de non comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras axudas.
- Reintegro do 2% do importe da subvención recibida no caso de non cumprir coas obrigas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas na cláusula décimo segunda.

Décimo oitava. Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por dúas persoas funcionarias da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego designadas pola persoa titular, por dúas persoas persoas funcionarias pertencentes ao Servizo Galego de Saúde e, así mesmo, dúas persoas por parte de Saúde Mental FEAFES Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e á Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo novena. Marco normativo específico de aplicación ao Convenio

O marco normativo básico reitor deste instrumento, sen prexuízo da normativa en materia de subvencións, e especificamente por ser unha operación cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, ven representado polas seguintes disposicións:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados.
- Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) n. 1296/2013.
- Orde TES/106/2024, de 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

Vixésima. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente.

Rexerase polas súas propias cláusulas e seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei de subvencións de Galicia; o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; os preceptos básicos da Lei xeral de subvencións e o Regulamento da Lei xeral de subvencións; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vixésimo primeira. Publicidade do convenio

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nel sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto), e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Vixésimo segunda. Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

En cumprimento do disposto nos artigos 18.2 e 20 da Lei xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Vixésimo terceira. Protección de datos

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, a saber, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 Xeral de Protección de datos (RXPD), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, Regulamento de Desenvolvemento da LOPD (Real Decreto, 1720/2007, de 21 de decembro), compre establecer de forma transparente o fluxo de datos entre as persoas asinantes do presente convenio.

O responsable do tratamento dos datos é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión ("dereito ao esquecemento"), limitación do tratamento, portabilidade e de non ser obxecto de

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

decisións individualizadas poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica desta Consellería, mediante o envío dunha comunicación á seguinte dirección: edificio administrativo San Caetano s/n 15781 Santiago de Compostela, ou a través https://www.xunta.gal/infor m acion-xeral-proteccion-datos.

Os datos persoais das persoas potencialmente beneficiarias ás que se dirixirán as actividades descritas neste Convenio serán utilizados para a xestión do proxecto, consistente na realización de accións destinadas a facilitar a súa reinserción laboral ou mellorar a súa empregabilidade. Os datos das persoas mencionadas será tratados con total confidencialidade e aplicaranse as medidas de seguridade adecuadas, de tipo físico, técnico-lóxico e organizativo, para a protección dos datos persoais, e en particular daqueles considerados categorías especiais de datos. Os datos persoais proporcionados se conservarán mentres estea en execución o proxecto. A base legal para o tratamento dos datos é a execución do presente proxecto, e o cumprimento dunha misión en interese público, a saber, o cumprimento das obrigas derivadas da execución do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027.

A entidade asinante so poderán tratar os datos coa finalidade de dar cumprimento ao proxecto, podendo ser consideradas encargadas do tratamento por conta do responsable.

Esta entidade obrígase a utilizar os datos persoais de conformidade co RGPD, e en particular deberán adoptar:

- Un rexistro de actividades de tratamento
- As medidas técnicas e organizativas de seguridade que se consideren necesarias, entre as que poden citarse a seudonimización ou o cifrado dos datos.
- As medidas que garantan a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos datos, así como a capacidade de restauración.

Ademais, esta entidade obrígase a non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo autorización expresa do responsable do tratamento, debendo manter o deber de segredo e confidencialidade sobre os datos tratados, incluso mais alo do fin do proxecto. Tamén deberá formar ao seu persoal en materia de protección de datos, así como informar aos interesados sobre os dereitos que se mencionan nesta cláusula e demais información contida na mesma.

Por outra banda, tamén notificará ao responsable do tratamento calquera violación da seguridade dos datos persoais nun prazo máximo de 36 horas, de conformidade co contido mínimo establecido no RGPD.

Así mesmo, a entidade contará cun delegado de protección de datos, que deberá figurar na información remitida aos interesados.

Calquera outra cesión deberá de aprobarse con carácter previo pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JF1 https://sede.xunta.gal/cve

información relativa a unha materia. En concreto, serán comunicados á Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, control, coordinación, comunicación e avaliación do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, na súa condición de Organismo Intermedio, en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión segundo o disposto nos artigos 72.1.e), 73, 74 e 82 e nos Anexos XIV y XVII do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e as súas disposicións de desenvolvemento Non se realizarán outras cesións de datos persoais a outras entidades, salvo obriga legal. Tampouco se prevén transferencias internacionais de datos.

En todo caso, deberase informar a todas as persoas destinatarias das actividades do programa sobre o contido desta cláusula, así como que teñen dereito a obter a confirmación sobre si estamos a tratar os seus datos persoais (acceso), a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, de ser o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. Tamén poderá solicitar a limitación do tratamento dos datos, así como a oposición ao tratamento e, de ser o caso, a súa portabilidade.

Tamén deberáselle informar que, para exercitar os seus dereitos, deberán enviar unha solicitude ao enderezo indicado do responsable do tratamento, acompaña dunha fotocopia do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou outro documento oficial válido e vixente.

Por último, informaráselle á entidade asinante do Convenio sobre a posibilidade de obter información adicional sobre os seus dereitos na páxina web da Agencia Española de Protección de Datos, www.agpd.es , así como do dereito a interpoñer unha reclamación ante á Agencia Española de Protección de Datos no enderezo: https://sedeaepd.gob.es/sede-electronica/procedures/claims/claims-info.

Vixésimo cuarta. Réxime de modificación

O contido deste convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes, a través da sinatura dunha addenda.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Estas modificacións terán como fin a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Vixésimo quinta. Vixencia

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan o exemplar no lugar e data indicados na cabeceira.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración	O xerente do Servizo Galego de Saúde	O presidente de Saúde Mental FEAFES Galicia
José González Vázquez	Luis Ángel León Mateos	José Jaime Figueroa Cerdeira

Asinado por: LEON MATEOS, LUIS ANGEL
Cargo: Xerente
Data e hora: 26/10/2026 11:05:45

Asinado por: FIGUEROA CERDEIRA, JOSE JAIME
Cargo: Presidente (FEAFES Galicia)
Data e hora: 23/10/2026 08:51:38

Asinado por: GONZALEZ VAZQUEZ, JOSE
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 26/10/2026 11:59:59

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KMXFdb34JLF1 https://sede.xunta.gal/cve